XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN
CURSO: 5º PRIMARIA
MATERIA: Ed. Musical
DATA: 12-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A música e a plástica teñen un valor innegable en calquera cultura. Isto xustifica a presenza de ambas na etapa de primaria .

As competencias artísticas desenvólvense a través de múltiples procesos que permiten a apropiación de sensacións, técnicas, experiencias de reprodución, creación e reflexión acordes co nivel de desenvolvemento das alumnas e dos alumnos. As actividades artísticas son fundamentais para o desenvolvemento da capacidade de creación do alumnado e para o enriquecemento dos procesos de socialización.

A creatividade non pode estar ligada a unha área concreta. Na escola deben proporcionárselles ás nenas e aos nenos experiencias artísticas que contribúan á construción do seu sentido estético e a unha formación básica para que poidan seguir interesándose por continuala no futuro.

Esta programación baséase no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O CEIP de Sestelo-Baión ten as Etapas de Infantil e Primaria .

Mestra que impartirá a Educación Artística : Mª da Esperanza Doval Lago.

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co desenvolvemento das competencias clave do currículo:

– 1º. Comunicación lingüística (CCL).
– 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
– 3.º Competencia dixital (CD).
– 4º. Aprender a aprender (CAA).
– 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
– 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
– 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O progreso en Música permitiralles ás nenas e aos nenos participar en actividades musicais, expresarse a través dunha linguaxe artística, escoitar, comprender, valorar e gozar coa música. Tanto a produción como a expresión realízanse a través de tres medios: a voz e o canto, os instrumentos musicais e o movemento e a danza. É tamén importante na área a familiarización co sistema de signos e grafías que a música utiliza, o cal deberá levarse a cabo desde a práctica auditiva, interpretativa e creadora. Trátase, polo tanto, de ir formando progresivamente o alumnado na escoita activa e na produción con expresividade e creatividade, así como no emprego cada vez máis preciso da linguaxe musical.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 5º primaria | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior. | EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br>EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.<br>EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| B1.2. Identificar e describir as características dagúns elementos musicais e calidades dos son. | EMB1.2.1. Describe, con axuda, e dá algunha información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons. |
| B1.3. Analizar, con axuda, obras musicais sinxelas ou fragmentos. | EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.<br>EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.<br>EMB1.3.3. Identificae clasifica algúns compases traballados. |
| B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos. | EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo algúns instrumentos.<br>EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos por familias. |

CEIP SESTELO-BAIÓN
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| | |
|---|---|
| B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical. | EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e un musicograma ou nunha partitura sinxela.<br>EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela. |
| B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.<br>EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br>EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar |
| B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.<br>EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |
| B3.2. Interpretar algunhas danzas . | EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas. |

**CEIP SESTELO-BAIÓN**
Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos**: Avaliarase ao alumnado a partir das avaliacións anteriores e estes procedementos adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Os procedementos utilizados son a observación sistemática e a análise das producións dos alumnos/as. |
| | **Instrumentos:**<br>-Producións musicais, plásticas e motrices.<br>-Diario de clase e caderno/ libro do alumno/a. |
| **Cualificación final** | **Procedemento para obter a cualificación final de curso**:<br>**-1ª Avaliación:** computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>**-2ª Avaliación:** computará un 45% do total da cualificación final do curso.<br>**-3ª Avaliación:** valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballarase na recuperación e reforzo dos estándares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Propóñense actividades semanais que traten a información visual e musical, posibilitando o desenvolvemento da creatividade, a imaxinación, a autonomía, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa, etc. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Ofrecer recursos educativos de calidade de Ed. Musical para axudar ao alumnado e ás familias nesta situación.<br>Os estándares son adaptados á situación. |
| **Materiais e recursos** | Libros dixitais, documentos pdf, audios, vídeos, descargas mp4, xogos interactivos, enlaces, recursos na rede, páxina web do centro e do EDLG,... |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A través da **plataforma Agueiro** e/ou por correo da plataforma educativa. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |